



Recordatorio de deberes legais, dirixido á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, de resolver expresamente a solicitude/recurso presentado pola persoa promotora desde expediente.

Expediente: A.11.Q/735/24

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2025

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito dunha persoa interesada, referente á non tramitación da súa solicitude de rectificación e de recurso extraordinario de revisión presentado.

ANTECEDENTES

Primeiro.- No seu escrito, esencialmente, indícanos:

1.- Na actualidade presta servizos a Consellería de Educación como funcionaria docente interina, na....

2.- Participou no procedemento selectivo extraordinario de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, ao corpo de, convocado pola Orde do 19 de outubro de 2022. En concreto para a especialidade de na que se convocaron xxx prazas.

Na convocatoria (base 2.2.3) establécese como requisito específico para o acceso ás especialidades do corpo de .. (códigos 441 a 459) a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das

3.- Feito público o baremo definitivo figura en 7º lugar, cun total de ... puntos. No 6º lugar atópase xxxxxxx, con ... puntos.

4.- Pola Orde do 21 de xuño de 2023 faise pública a relación de persoal que superou aqueles procedementos selectivos, e no corpo e especialidade no que participou, logo de varias renuncias, inclúese á persoa que figura en 6º lugar no baremo, xxxxxx. A mesma relación obra na Orden ... pola que o Ministerio nomea funcionarios de carreira ás persoas propostas pola Consellería.

5.- No mes de outubro de 2023 tivo coñecemento de que a persoa referida, xxxxxxx non posúe o requisito específico da formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das

Por ese motivo non pode superar o procedemento selectivo para ese corpo e especialidade.

Tendo en conta que transcorra o prazo para interpoñer recursos ordinarios, en data 14/10/2023 presentou escrito á Consellería que denominou solicitude de rectificación de erros ou recurso extraordinario de revisión, contra a Orde do pola que se fixo pública a relación de persoas que superaron os procedementos extraordinarios de estabilización para o ingreso, mediante concurso de méritos, aos corpos de, entre outros, ..., en concreto da especialidade de, e

consecuentemente contra a Orden pola que se nomearon funcionarios de carreira (adxunto escrito doc 1).

Expoñía que a persoa que debería ser incluída na relación das que superaran o procedemento selectivo era a propia dicente, que ocupaba o lugar 7º, ao carecer a nº6 –xxxxxxx dun dos requisitos, solicitando tal inclusión, así coma os trámites pertinentes para o seu nomeamento como funcionaria de carreira.

6.- Aquela solicitude/recurso non foi resolta no prazo dos tres meses legalmente establecidos, polo que a Administración está incumprindo as súas obrigas e ocasionándolle á dicente uns prexuízos gravísimos, pois parece querer obrigala a acudir á vía xurisdiccional mesmo para ter información certa dos motivos do seu recurso, e tamén polo propio fondo da cuestión ó manter un nomeamento de funcionaria de carreira nulo, en prexuízo da dicente, que é á persoa á que lle corresponde.

Fai uns días presentou novo escrito á Consellería reiterando o anterior, solicitando se resolva a súa solicitude de rectificación de erros ou o recurso extraordinario de revisión.

Por todo o exposto,

Formula a presente QUEIXA e solicita a actuación da Valedora do Pobo, contra a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades, co fin de que se ordene a inmediata tramitación das peticións contidas no seu escrito presentado 14/10/2023, e se resolvan expresamente coa debida motivación.”

Segundo.- Ante iso requirimos informe á administración sobre a cuestión plantexada na queixa. No informe remitido, en esencia, sinala:

A interesada non presentou recurso ordinario contra a resolución do procedemento selectivo. Porén si presentou un escrito, o 14/10/2023, sobre rectificación de erros ou recurso extraordinario de revisión para ser incluída como seleccionada na especialidade de, alegando que unha das persoas seleccionadas (...) non reunía os requisitos. Con independencia da análise xurídica de cara a admisión da súa pretensión final tendo en conta a acción exercida (corrección de erros o recurso extraordinario, ambos cun alcance limitado), teñen que darse dous presupostos de feito: a exclusión da persoa seleccionada por non cumprir os requisitos e que, de ser o caso, ela fose a persoa con máis puntuación/dereito a ocupar a praza que deixaría a admitida incorrectamente no proceso selectivo.

Por resolución do 05/03/2025 acolleuse o recurso de reposición presentado por outra persoa interesada, contra a Orde do que declarou seleccionada a xxxx. Xa que logo, a día de hoxe cúmprese a primeira premisa.

Respecto da segunda premisa, que sexa a seguinte participante con máis puntuación e, con iso, con máis dereito á praza que deixa libre xxx, tal cuestión non é firme en dereito. Isto é así porque a outra persoa interesada, ..., presentou recurso administrativo contra a puntuación que lle foi outorgada no procedemento, recurso este que foi desestimado por resolución administrativa do 20/05/2025. Agora ben, este interpuxo recurso contencioso administrativo contra a puntuación que lle foi outorgada no procedemento, que se tramita como procedemento ordinario 146/2025 na Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Precisamente, pola súa condición de interesada, desde a Consellería emprazouse a persoa que interpón a queixa no procedemento xudicial interposto pola terceira persoa interesada.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promove este expediente e do que se manifesta no informe da administración, resultan as seguintes consideracións:

Primeira.- A queixa ven motivada na non tramitación do escrito presentado o 14 de outubro de 2023 en relación cun proceso selectivo. Entende a interesada que a persoa seleccionada non cumpre os requisitos para acceder ao posto e, dado que se pasou o prazo para os recursos ordinarios, interpón un recurso extraordinario de revisión contra a publicación do persoal que superou o proceso selectivo.

Segunda.- Solicitado informe á Administracións, sinala que a publicación de candidato para a praza en cuestión non é firme, xa que un terceiro ten interposto recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (PO 146/2025) polo que non procede a admisión do seu escrito. Con todo, non consta que se comunicara dita inadmisión á persoa interesada.

Terceira.- Neste senso, no que atinxe á solicitude presentada pola persoa interesada, debemos considerar que o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos da cidadanía e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que comporta a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de si é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

Así, a solicitude presentada pola persoa interesada debería ter sido tramitada, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 39/2015).

1. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación

Cómpre sinalar que o art.21.5 prevé o seguinte: “Cando o número das solicitudes formuladas ou as persoas afectadas puidesen supoñer un incumprimento do prazo máximo de resolución, o órgano competente para resolver, a proposta razoada do órgano instrutor, ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, a proposta deste, poderán habilitar os medios persoais e materiais para cumprir co despacho adecuado e en prazo.”

E o 21.6: “O persoal ao servizo das Administracións Públicas que teña ao seu cargo o despacho dos asuntos, así como os titulares dos órganos administrativos competentes para instruír e resolver son

directamente responsables, no ámbito das súas competencias do cumprimento da obrigaón legal de ditar resolución expresa en prazo”.

Cuarta.- En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha repostada directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma, adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con presteza e sen demoras inxustificadas.

Así mesmo, convén lembrar que o artigo 20 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, dispón que: O Valedor do Pobo “velará porque a Administración resolva expresamente, as peticións e recursos que lle foron formulados”.

No presente expediente, a falta de resposta do órgano autonómico competente ante a solicitude/recurso presentado pola interesada, propiciou que a promotora desta queixa se dirixira á institución da Valedora do Pobo solicitando a súa intervención.

Quinta.- A Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración, no seu artigo 2, Calidade dos servizos públicos, dí, en relación á cidadanía en xeral:

A cidadanía ten dereito a que se lle garanta a prestación duns servizos públicos de calidade sobre a base da proximidade, a eficiencia, a eficacia e a transparencia.

E no artigo 3: “A cidadanía ten dereito a unha administración eficaz que xestione os seus asuntos con imparcialidade, obxectividade e dentro do marco temporal establecido...”

No artigo 4.Principios, sinala:

Con carácter xeral, a prestación dos servizos públicos e o funcionamento do sector público autonómico en xeral rexeranse polos principios de calidade, simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima, proximidade aos cidadáns, coordinación e cooperación con outras administracións públicas.”

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar á administración o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de procedemento administrativo, a consellería debe resolver expresamente a solicitude/recurso presentado pola promotora desde expediente, en caso de non telo feito na data en que se reciba esta resolución e en xeral, sobre os escritos presentados pola cidadanía”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un cordial saúdo.

María Dolores Fernández Galiño

Valedora do Pobo en funcións